


Coordinado por Isabella Tomassetti



Avatares y perspectivas
del medievalismo ibérico

Volumen II



cilengua

Este libro se ha publicado gracias a una ayuda del Dipartimento di Studi europei, americani e interculturali (Sapienza, Università di Roma) y ha contado además con una subvención de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval.

Todos los artículos publicados en esta obra han sido sometidos a un proceso de evaluación por pares.

© *Cilengua. Fundación San Millán de la Cogolla*

© *de la edición: Isabella Tomassetti, Roberta Alviti, Aviva Garribba,
Massimo Marini, Debora Vaccari*

© *de los textos: sus autores*

I.S.B.N.: 978-84-17107-86-4 (Vol. 1)

I.S.B.N.: 978-84-17107-87-1 (Vol. 2)

I.S.B.N.: 978-84-17107-88-8 (o.c.)

D. L.: LR 943-2019

IBIC: DCF DCQ DSBB DSC HBLC1

Impresión: Mástres Design

Impreso en España. Printed in Spain

O PORTAL UNIVERSO CANTIGAS: ANTECEDENTES, DESENVOLVEMENTO E DIFICULTADES¹

MANUEL FERREIRO
Universidade da Coruña

I. ANTECEDENTES ([HTTP://GLOSSA.GAL](http://GLOSSA.GAL))

No ano 2010 comezaba oficialmente o desenvolvemento do proxecto *Glosario crítico da poesía medieval profana galego-portuguesa*, que foi dividido en dúas partes: I. *Cantigas de amor e cantigas de amigo* (2010-2012); II. *Cantigas de escarnho e de maldizer* (2013-2015). Unha vez revisados os manuscritos e analizados (e eventualmente solucionados) os puntos conflictivos que se detectaron na lectura crítica dos textos –que foron confrontados coas edicións máis fiábeis–, ao longo destes anos foi elaborado o repertorio lexical dicionarizado, contextualizado e exhaustivo das 1.685 cantigas –excluídos os textos casteláns, provenzais e tardíos– que constitúen a lírica profana galego-portuguesa. O resultado foi unha base de datos pública, dotada dunha ferramenta interna autosuficiente, que é accesíbel á comunidade de investigadores e/ou persoas interesadas nas cantigas medievais galego-portuguesas: en funcionamento desde 2014, actualmente ofrece xa a súa segunda versión renovada, que se fixo pública o día 17 de maio de 2017 (<http://glossa.gal>)².

1. Este traballo inscríbese no marco do proxecto *Glosario crítico da poesía medieval galego-portuguesa*. III. *Edición crítica dixital das cantigas de amor* (FFI2015-63523-P), financiado polo Ministerio de Economía y Competitividad.
2. Sobre o *Glosario* véxase Xoán López Viñas, «Unha ferramenta para o estudo do léxico medieval: o GLOSSA», en *Lingua, texto, diacronía. Estudos de lingüística histórica*, ed. L. Eirín García, X. López Viñas, A Coruña, Universidade da Coruña, 2014, pp. 239-256.

Fig. 1. *Glosario da lírica medieval profana galego-portuguesa* (<http://glossa.gal>)

A existencia deste 'dicionario' exhaustivo de voces da lírica profana galego-portuguesa, realizado sobre un corpus de textos sometidos a un proceso profundo de revisión e actualización, levou consigo a proposta dunha nova fase de traballo. Esta nova etapa márcase como obxectivo preparar a edición crítica de todas as cantigas medievais profanas para optimizar o traballo anteriormente realizado e poder, deste modo, dar un salto cualitativo nos estudos filolóxicos por volta do trobadorismo (profano) galego-portugués.

A extensión, dificultade e vastidade da tarefa impuxo, con certeza, unha limitación de corpus, que foi parcelado cronoloxicamente a partir das tres seccións básicas do cancionero galego-portugués (isto é, *cantigas de amor - cantigas de amigo - cantigas de escarnio e maldizer*), balizadas polas anotacións *Esta folha adeante se comezan as cantigas d'amigo que fezeron os cavaleiros* (cantigas 641-1.347) e *Aqui se comezan as cantigas d'escarnh' e de mal dizer* (cantigas 1.348-1.683).

Deste xeito, a (actual) primeira parte do proxecto *Universo Cantigas* (UC) abranxe a edición das primeiras 640 cantigas (sempre a partir da numeración de Jean-Marie d'Heur³), que, en liñas xerais, pertencen ao xénero da *cantiga de amor*, aínda que inclúen tamén algúns outros textos pertencentes a outros xéneros.

3. Esta é a numeración que foi utilizada, pola súa economía e rendibilidade práctica, na elabo-

2. O PROXECTO UNIVERSO CANTIGAS ([HTTP://UNIVERSOCANTIGAS.GAL](http://universocantigas.gal))

Con estes antecedentes, e co traballo desenvolvido no *Glosario da poesía medieval profana galego-portuguesa*, enfrontamos a tarefa de edición crítica dixital das 1.685 composicións transmitidas polos cancioneiros⁴, isto é, o proxecto *Universo Cantigas*, que se desenvolverá entre 2016, ano de inicio, e 2025, ano de finalización prevista para esas tres fases do proxecto.

No presente trienio 2016-2018 estase realizando a edición crítica dixital das *cantigas de amor* (cantigas 1-640), coa aplicación constante a todo o corpus duns sólidos principios metodolóxicos (de base neolachmaniana). Tal como expuxemos recentemente, «[l]os principios metodolóxicos que se emplearán para la fijación del texto crítico de las *cantigas* serán los asentados por la tradición, básicamente los referidos a la edición de piezas transmitidas por un único testimonio y, para aquellos que cuenten con tradición plúrima, a la edición reconstructiva»⁵. Ademais, para a *dispositio textus* en *Universo Cantigas* empregáranse os criterios de edición que, desde 2006, funcionan como norma consensuada polos principais investigadores (galegos) no ámbito da poesía medieval galego-portuguesa⁶. Ao mesmo tempo, a edición dixital que se está a realizar será unha edición integradora (dos estudos previos) e actualizada no humanamente posíbel, de modo que supoña un avance real na fixación e estudo das cantigas.

Esta web <http://universocantigas.gal>, que se fará pública ao longo do ano 2018 (estas liñas son escritas en setembro de 2017), constitúe, pois, un proxecto en andamento (deseño, contido, funcións), un verdadeiro *work in progress* que se vai modulando, completando e aperfeizoando no proceso de elaboración da edición crítica do corpus galego-portugués, ao tempo que se vai beneficiar do carácter dinámico

ración do glosario, a partir de Jean-Marie D'Heur, *Recherches internes sur la lyrique amoureuse des troubadours galiciens-portugais (XIIe-XIVe siècle): contribution à l'étude du «corpus des troubadours»*, Liège, Université de Liège, 1975, pp. 10-93. Véxase a tabela d'heuriana, actualizada, no *Glosario* (<http://glossa.gal/cantigas>).

4. Na realidade, 1669 cantigas, en principio tamén excluindo, polo menos nunha primeira fase, os textos en linguas diferentes á galega (provenzal, castelán), así como as cantigas tardías alleas á tradición galego-portuguesa incrustadas nos cancioneiros italianos *B e V*.
5. Véxase Mariña Arbor Aldea-Manuel Ferreiro, «*Universo Cantigas: work in progress*» [2018, no prelo]. E para unha maior concreción metodolóxica, con variada exemplificación editorial, véxase tamén o contributo de Mariña Arbor Aldea neste mesmo volume («*Universo Cantigas: el editor ante el espejo*»).
6. Véxase *Normas de edición para a poesía trobadoresca galego-portuguesa / Guidelines for the Edition of Medieval Galician-Portuguese Troubadour Poetry*, eds. M. Ferreiro *et al.*, A Coruña, Universidade da Coruña, 2007.

da edición dixital (coa conseguinte revisión e actualización constante do corpus) a partir dunha base de datos cunha ferramenta interna que permite un funcionamento simple e autosuficiente por parte das persoas responsábeis da edición.

Organizada a base de datos e a correspondente plataforma web en torno ao glosario como núcleo inicial, o texto das cantigas é conectado e interrelacionado co propio glosario de modo especular, de modo que permite unha consulta simultánea e interactiva glosario-corpus e corpus-glosario. Asemade, o buscador permite procuras moi diversas ao longo de *Uníverson Cantigas*, de modo que non só se poden localizar texto(s) e voces (ou expresións), mais tamén se poden facer procuras nas transcripcións paleográficas, cun horizonte de maiores posibilidades de interacción, xa que, máis adiante, orientaremos os esforzos para conseguir a posibilidade de procura nos aparatos críticos.

En calquera caso, procurouse un funcionamento fácil e áxil, cunha estrutura simple que facilite a consulta dos textos, do glosario e dos materiais complementarios:

UC Uníverson Cantigas
EDICIÓN CRÍTICA DA POESÍA MEDIEVAL GALO-PORTUGUESA

Proxectos - Bibliografía - Cantigas - Glosario - Ligazóns - Fotos - Contacto

O proxecto *Uníverson Cantigas* ten como obxectivos principais a edición crítica dixital dos textos que integran a liña poética galego-portuguesa, consolidando o traballo iniciado entre os anos 2008-2015 para a edición da poesía medieval galego-portuguesa (*Uníverson Cantigas*), e tamén os <http://www.universoncantigas.gal>. Esta edición é realizada ao abeiro da proxecto de investigación *Glosario crítico da poesía medieval galego-portuguesa. III. Edición crítica dixital das cantigas de amor* (ref. FF12015-63522-PI), financiado polo Ministerio de Economía y Competitividad.

Na primeira fase do proxecto (2016-2018) será editada a primeira sección da «cancioneiro xeral» galego-portugués (ou «compilación xeral», de acordo con António Resende de Oliveira), que se estrutura en tres grandes volumes: *cantigas de amor*, *de amigo* e *de escárnio*. Esta sección inicial, que está estruturada, fundamentalmente, por *cantigas de amor* e que se centra nos rúbricas que abarcan o sector de *amigo*, comprende os textos 1-640 dos manuscritos, que copian un total de 1683 composicións, conforme a catalogación de Juan Blasco de Albornoz.

Uníverson Cantigas constitúese como unha empresa global, que fará ao dispor do público, en sucesivas fases, todos as cantigas dos volumes, con todas as posibilidades que ofrece o traballo na rede: actualización constante, ausencia de límites de espazo, posibilidade de crecemento e expansión con moitos elementos e capacidade de integrar a diversos materiais proporcionarán de evidente valor para a interpretación dos textos.

Forma de citación

Ferreiro, Manuel (dir.) (2017): *Uníverson Cantigas. Edición crítica da poesía medieval galego-portuguesa*. Universidade da Coruña (<http://universoncantigas.gal>), ISBN 1234-1234 [data da última revisión: dd/mm/aaaa].

Colaborador 2017
Agrupación
Contacto

Facultade de Letras
P.O. 15008 A Coruña

UNIVERSIDADE DA CORUÑA
XUNTA DE GALICIA
CONSEJO REGULADOR DE INVESTIGACIONES CIENTÍFICAS
CONSEJO REGULADOR DE INVESTIGACIONES CIENTÍFICAS

Fig. 2. Páxina de inicio de *Uníverson Cantigas*

Á dereita do logotipo identificativo aparecen as diversas posibilidades para a elección de lingua (galego, portugués, inglés etc.) e, sobre todo, o buscador, que funciona como localizador de cantigas (por número de d'Heur, referencia de Tavani ou número de manuscrito), de voces (no glosario e mais nas cantigas) ou de cadeas de texto (nas cantigas).

Para alén das seccións *Ligazóns* (coa conexión ás principais páxinas e bancos de datos directamente relacionados co obxectivo de UC), *Foro* (que será activado no futuro como plataforma dixital de diálogo –e publicación– sobre problemas relativos á edición e estudo das cantigas galego-portuguesas) e *Contacto* (cos datos nominais e dixitais que permitan o establecemento de contacto a calquera persoa interesada no *Universo Cantigas*), os elementos fundamentais de *Universo Cantigas* son os que se describen a seguir (comezando pola esquerda da imaxe):

1. **Proxecto**, onde aparecen os elementos informativos sobre UC (*Proxecto, Equipo, Resultados, Guía de uso*), así como unha breve introdución xeral á lírica (*A lírica profana galego-portuguesa*), os principios metodolóxicos (*Metodoloxía*), os criterios de transcripción paleográfica (*Criterios de transcripción*) e de edición (*Criterios de edición*) e, finalmente, a bibliografía citada ao longo da edición crítica dixital das cantigas e dos documentos complementarios (*Bibliografía citada*).

2. Clicando na pestana **Manuscritos**, accédese á transcripción paleográfica completa de todos os testemuños que transmitiron a nosa lírica (*A, B, V, N, T, L, P, M*). En fase de preparación, no final do proxecto aparecerá o texto completo de todos e cada un dos relatores que enviaron a poesía profana producida polos trobadores, coas correspondentes notas explicativas a rodapé⁷.




Fig. 3. Sección de Manuscritos no UC

7. Obviamente, nesta primeira parte (cantigas 1-640) aparece(rá)n todos os testemuños implicados: A 1-280, B 1-625, V 1-226, T, L, P e M.

Véxase, simplemente a modo de exemplo ilustrativo, o inicio da transcripción do *Cancioneiro da Vaticana* (fig. 4):



V - Cancioneiro da Vaticana

[f. 1r]

A fogli 90 1'

Fernã gonçaluit

Muytos ueciu que con mengua de sem.
 angram sabor de me dizer pesar.
 et todolos que me ueem pieguntar.
 qual est adona que eu q̄lo bem.
 ueces q̄ sandec ēq̄ giã loucuia.
 Non catã deus nê arcatã mesuia.
 nen tatã nrri a q̄(ʝ)õ pesa muytê.

Fig. 4. Inicio da transcripción paleográfica de *V*

3. **Cantigas.** Constitúe (xunto co *Glosario*) o núcleo de UC, xa que nesta sección poderán ser localizadas todas e cada unha das composicións editadas: pola ordenación d'heuriana ou pola referencia de Tavani (fig. 5), por *incipit* ou por autores (figs. 6-7):



Texto crítico

Páxinas: 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 67

D'Heur ou Tavani

1 [= Tav 157,5]: Anónimo «Amor, des que m'a vós cheguei» [B 1, L 1]

2 [= Tav 157,35]: Anónimo «O Maroot aja mal grado» [B 2, L 2]

3 [= Tav 157,32]: Anónimo «Mui gran temp'á, par Deus, que eu non vi» [B 3, L 3]

Fig. 5. Cantigas por numeración de D'Heur e/ou referencia de Tavani



Índice de autores

Páxinas: 1 2 3 4 5 6 7

Nome do autor

Abril Perez
 Afons'Eanes do Coton
 Afonso Fernandez Cebolhilha
 Afonso Fernandez Cubel
 Afonso Gomez
 Afonso Lopez de Baian
 Afonso Meendez de Beesteiros
 Afonso Paz de Bragaa
 Afonso Sanchez
 Afonso Soarez Sarraça
 Afonso X
 Airas Carpancho

Afons'Eanes do Coton

Cantigas do autor

- A gran dereito lazerei
- A min dan preç', e non é desguisado
- A ùa velha quisera trobar
- Abadessa, oi dizer
- Ai meu amig'e meu lum'e meu ben
- As mias jornadas vedes quaes son
- Ben me cuidei eu, Maria Garcia
- Covilheira velha, se vos fezesse
- Fernan Gil an aqui ameçado
- Foi Don Fagundo ùu dia convidar
- Mari'Mateu, ir-me quer'eu d'aquen
- Meestre Nicolas, a meu cuidar

Figs. 6-7. Localización de cantigas por autor.

Deste xeito, cada unha das 1.685 cantigas aparecerá con todos os elementos fundamentais que se contemplan nunha edición crítica: a) transcripción paleográfica (poderá accederse desde cada cantiga ao texto paleográfico 'limpo' do texto, sen notas marxinais, por medio dun clique en "Transcripción paleográfica", na parte superior dereita); b) texto crítico; c) referencias identificativas (D'Heur, Tavani); d) fontes manuscritas (con eventual conexión futura ás imaxes dos manuscritos); e) fontes editoriais (onde se distinguen tres categorías: 1. edicións críticas; 2. outras edicións –diplomáticas, divulgadoras etc–; 3. antoloxías que recollen a composición); f) variantes manuscritas significativas (sen variacións gráficas irrelevantes); g) variantes textuais das edicións críticas de cada cantiga; h) paráfrase ampla, por estrofas, para favorecer a comprensión e/ou interpretación do texto; i) métrica (esquema e indicación das sinalefas e hiatos significativos); j) notas filolóxicas ao texto, con análise e explicación de todas aquelas cuestións (textuais, lingüísticas etc.) de relevancia.

Véxase, a modo de mostra, a cantiga 236 (figs. 8-11), de Roi Queimado ("Deste mundo outro ben non querría", A130, B251), que ofrece todos os elementos presentes na edición crítica de todos os que integran *Universo Cantigas*:



Universo
Cantigas

FRANCO GALEGO
DA FOLHA ANTIGA
GALÈS-PORTUGUESA

GL PT EN IT ES FR CA

Q Buscar

Prosaecto ▾ Manuscritos ▾ Cantigas ▾ Glosario ▾ Ligazóns ▾ Foro ▾ Contacte

236 [= Tav 148,4]

Deste mundo outro ben non querría

Rol Queimado

Deste mundo outro ben non querría
(por quantas colas me Deus faz sofrer)
que mla senhor do mul bon parecer
que soubes/eu ben que entendia
como ofe'u moir', e non lho dixer eu
nen outre por mín, mais ela de seu
o entender como seeria.

E, se eu est'ouves', avería
o máis de ben que eu querrí/aver:
sabe-lo ela ben sen lho dixer
eu e non atender ja aquel día
que eu atend', ond'ei mul gran pavor
de lhe dixer «por vos molro, senhora»,
ca sel que por meu mal lho diria,

ca senhr ei que m'entendaría
tanto que nunc'avería poder
de lh'ar falar nen sol de a veer,
e mal me val, mais peer n'et' l'a
e por esto querría eu así
que o soubesse ela, mais non per mín,
e soubes/eu ben que o sabía,

E rog'a Deus e Santa María,
que lhe fezeron muito ben aver,
que ben así lho façan entender;
e con tal'ent'enda seera
en gran pavor de m'estralar por én,
e, par Deus, ar jurar-lh'ia mul ben
que nulha culpa i non avia

de m'entender, así Deus me predon,
nen o gran ben que lh'eu quer', e enton
con dereito non se quelearia.

Manuscritos

A 130, B 251

Edicións

Michaëlis (1990 [1904]: I, 263-265); Lorenzo Gradín & Marcenaro (2010: 110-111);
Mollen (1880: 106); Carter (2007 [1941]: 78); Machado & Machado (1950: II, 14-15);
Piccolo (1951: 89-90); Torres (1977: 400-401); Arias Freixedo (2003: 834-835).

Variantes manuscritas

I eiaudo outro ... querria] m'entendero ... querria B 2 me] mj B 6 outre ... mín] outrem ... mj B 7 como seeria] como seera A,
mais enton seeria B 8 est'ouves'] esto ouvesse B averia] aueria A 9 de ... querrí/aver] do ... qria aver B 11 atender ja
aquel] atendera aqu] A, atendera] B 12 atender] atender B 13 lhe] lh] B 14 mul lho] malho A 15 ei ... entender] e ...
entender B 16 moir'] moir B 17 lh'ar] lh] B, veer] ver A 18 me] mj B 19 querria] quera B 20 soubesse ela] soubesela
B 21 sabia] ele sabia B 22 e santa] ca s'a B 23 que lhe fezeron muito ben aver] q'lh]i souberó tanto ben fazer B 26
m'estralar] me strahar B 28 nulha] nulla B 29 me] mj B 30 quer', e enton] q'renó B

Variantes editoriais

I mundo] m'ent[er] Michaëlis: Y [sen] o entender como seera Michaëlis, o entender] jerali eiaudo seera? Lorenzo Gradín &
Marcenaro 8 ouves'] ouves(o) Michaëlis 11 atender ja aq'uel] atender'a aq'uel Michaëlis, atender'a aq'uel Lorenzo Gradín &
Marcenaro 14 mal lho] mal-lo Lorenzo Gradín & Marcenaro 15 entender] entendera Michaëlis 18 m'er] m] Michaëlis
Michaëlis, Lorenzo Gradín & Marcenaro 20 soubesse] soubes(o) Michaëlis, mín] mi Michaëlis 22 Santa] Sancta Michaëlis
26 m'estralar] m'estralar Michaëlis, m'estralar Lorenzo Gradín & Marcenaro 29 me] mi Michaëlis

[últ. rev.: 18/12/2017]
revisado por paco@fflch

Paráfrase

A cousa que o trabador máis desexaría no mundo –a cambio de todas as coitas que Deus lle fai sofrer– sería que a súa fermosa dama soubese que morre de amor por ela, mais non quere ser el quen llo transmite, nin tan sequera que outra persoa o faga no seu nome, senón que ela por si mesma se decate de como iso sería (1). E, se isto acontecese, experimentaríase o maior dos bens que el arela: que a *senhor* o saiba sen llo dicir e xa non ter que agardar o día en que el tería de lle contar que morre de amor por ela, pois sabe que tal declaración lle traería mal (11), porque sabe que a *senhor* o reprendería tanto que nunca podería falarlle, nin tan sequera vela. V. fálle mal, mais podería ser aínda peor, e por isto o namorado querría que ela o soubese non por el, e que el soubese que ela o sabe (11). E roga a Deus e á Virxe Santa María, que lle fixeron moito ben, que así llo fagan entender: máis, a pesar disto, aínda sentiría medo e pavor de que a dama desaparecese os seus sentimentos, de maneira que lle xuraría que non é culpa dela (11), que se decate da situación, certamente, nin do ben que el a quere, e así non se queixaría (IV).

Esquema métrico

Cantiga de amor, do tipo de *mestría*. *Cometa de catro emfases* de sete versos, sendo o primeiro, o cuarto e o sétimo *eneasilabos graves*, e os catro restantes *decaasilabos agudos*. As cobras son *unissonais*, agás a rima c (versos 5-6 de cada estrofa) que é *singular*. A *fíndia* está composta por tres versos, os dous primeiros *decaasilabos agudos* e o último *eneasilabo grave*, que retorna a rima a das cobras anteriores.

Esquema métrico: 4 x 9'a 10b 10b 9'a 10c 10c 9'a + 10d 10d 9'a (= Tav 161:225)

Sinalefas e hiatos: 1 mundo_outr; 5 como_oj'eu; 7 se e ri a; 11 ja_aquel; 20 soubesse_ela

Notas

Texto

- 7 Aínda que en A non son frecuentes as formas conxugadas arritzónicas de *ter* ou *ver* con hiato etimolóxico conservado (cf. *verrei* en 266.17, 438.19, 11silábico), a variante sería de B resolve a medida (e o sentido) do verso: presenza do elemento *mais* de B dificulta a interpretación e pode deberse a unha repetición da mesma partícula presente no verso anterior (véxase unha intrusión similar do mesmo elemento *mais* con *manuacellat* italianos na cantiga 1263.22), mentres que a omisión de <e> en sería que mostra A constituiría un simple lapso de copia. Precisamente son as dificultades métricas e interpretativas xerada polo elemento espurio de B o que explica as tentativas de solución editorial para este verso: a adición de *sen* en Michaëlis (*sen*) o *entender como sería*) tenta resolver o problema métrico, e a puntuación de Lorenzo Gradín & Marcenaro, que manteñen a lección de B, explícase pola procura dun maior sentido ao verso (... *mais como sería?*).
- 8-14 A inusual opción editorial no v. 11 pola lección de B en lugar da segmentación de <attendera> como *atender ja* en A, verbo paralelo a *saber* (v. 10), condicionou a puntuación desta estrofa en Michaëlis e mais en Lorenzo Gradín & Marcenaro, para alén da (relativa) anomalia (vid. nota a 237.3) de o subxuntivo *atendese* funcionar como verbo principal.
- 14 A lección <mallo> de A ben pode ser un lapso de copia por contigüidade (<mal llo>) máis do que unha asimilación (aínda que posíbel, non documentada no corpus profano), razón que nos aconsella termos á segura lección de B. No entanto, nas *Cantigas de Santa María* existen contextos que indican unha asimilación deste tipo: véxase, por exemplo, *e os angos correndo | por ela mal bo frim* (CSM 45.83).
- 15 Os resultados *estrálar* (tamén en 358.21) e *estmar*, no v. 26 (vid. 857.18 e 996.9), con desnasalización, a partir de *estranhara*, con caída de -n- intervocálica en vez da habitual palatalización do grupo [nj], son minoritarios mais conviven coa solución xeral *estranhar*. Vid. nota a 103.1.
- 18 A segmentación da unánime lección <meria> como *m'eri* *ia* evita calquera emenda ou intrusión textual, tal como todos os precedentes editores interpretaron (*m'iria*, *me [i]ria*): aínda que, no tocante á distribución das variantes *er* – *er*, en xeral a primeira é propia do Cancioneiro da Ajuda e a segunda predomina nos apógrafos italianos, na cantiga 310, de Joan López d'Ulloa acontece ao contrario: *er* A vs. *er* B. Vid. nota a 134.15.
- 21 Nótese novamente (véxase nota ao v. 7) a presenza espuria de *ele* en B, que provocaría un verso hipermétrico, como acontece nalgúns outras pasaxes do corpus; do punto de vista métrico só será aceptábel en B a forma *el*, de modo que con sinalefa o verso ficaría decaesilábico: *e soubess'eu ben que o, el sabia*. O carácter espurio da forma máis antiga *ele*, fronte a *el*, é obvio en casos en que se trata de refrán, onde non cabe dúbida sobre a incorrección de tal forma (vid. 1133.21, que na estrofa I presenta o necesario *el*, fronte ao incorrecto <ele> de BV na estrofa II; algo similar acontece en 1644.72, coa forma correcta *el* en todas as estrofas agás na primeira, tamén con <ele> en BV). Estes casos xustifican as necesarias emendas derivadas da métrica noutras pasaxes en que *ele* provoca versos hipermétricos (491.6, 667.14, 754.7, 1119.25, 1273.20).

Figs. 8-11. Vistas sucesivas da cantiga 236

4. **Glosario.** Pola súa parte, o glosario, que aínda funciona –á espera de activar publicamente a páxina de *Universo Cantigas*– como entidade independente no enderezo <http://glossa.gal>, xa foi integrado no UC, na sección *Glosario*, onde actuará tal como vén facendo, desde 2014, na páxina antecitada, embora, tal como xa dixemos, agora interactúe directamente cos textos (coa conseguinte revisión en paralelo aos avances na edición). Véxase unha mostra da integración do glosario na páxina das cantigas (fig. 12):



Universo
Cantigas

EDICIÓN CRÍTICA
DA POESÍA MEDIEVAL
GALEGO-PORTUGUESA

GL PT EN IT ES FR CA

Q Buscar

Proxecto ▾

Manuscritos ▾

Cantigas ▾

Glosario ▾

Ligazóns

Foro

Contacto

J

Glosario

A B C D E F G H I J L M N O P Q R S T U V X Z

Voces do J

Filtrar voces

ja
ja-quando
ja-quanto
ja-que
ja-u
Jaen
jaian
jajúar₁
jajúar₂
Jan García

[últ. rev.: 05/07/2017]  

ja adv. temp. 'xa'

| O adverbio ja presenta con frecuencia valor pleonástico ou de reforzo

[Ampoñón](#) [Lec. adverbial](#) [Lec. consecutivo](#) [Frases](#)

● 6.27 ja mi ora leixarán folgar, / ca lhis non podia guarir || 10.19 que non ei ja sén nen poder / de m'empapar d'úa molher || 11.1 Sazon é ja de me partir / de mia senhor || 11.2 ca ja temp'ei / que a servi, ca perdud'ei / o seu amor e quero-m'ir || 12.8 Quen omen sabe ben querer / ja máis servid'én sera || 12.9 ca bóa dona vi eu ja / por amar mil tanto valer || 18.11 ca non á no mund'outra ren / por que eu ja possa perder / a coita que eu por vós ei || 18.22 e farei meu mal, / e faça-[o] ja, pois Deus quer || 20.7 Coita, de pran, ja eu non perderei / e non m'atrevo sen vós a guariri || 23.18 ca sei / que ja por al non ei coit'a

Fig. 12. Glosario (UC)

A integración glosario-texto e a súa relación “especular” permite unha inmediata visualización das cantigas a partir do glosario (clicando a referencia de cada contexto), así como a procura de calquera voz dunha cantiga que leva directamente ao glosario a partir dun duplo clique na palabra en cuestión.

3. A FERRAMENTA INTERNA DE UC

Para unha completa presentación da web do *Universo Cantigas* débese, finalmente, facer referencia ao elemento que, a partir do traballo informático, permite o funcionamento da páxina con total autonomía dos técnicos: a ferramenta interna (FI). A través desta ferramenta informática, igual que xa acontece co glosario, a sucesiva incorporación de textos editados, as mudanzas e/ou correccións ou a incorporación de nova información en todas e cada unha das seccións ou partes de *Universo Cantigas* serán responsabilidade exclusiva dos filólogos e filólogas implicados no proxecto. É máis, calquera alteración textual nunha cantiga, por mínima que for, é inmediatamente trasladada, cunha grande facilidade de manexo, ao texto do glosario, culminándose, así, unha relación dialéctica que vén provocada pola existencia previa de GLOSSA, feito que condicionou en grande medida, como xa dixemos, o deseño e implementación do *Universo Cantigas*.

The screenshot shows the 'Ferramenta de Administración Universo Cantigas' interface. At the top, there is a navigation menu with options: Principal, Páxinas estáticas, Autores, Fontes manuscritas, Cantigas, Voces, and Formas compostas. Below this, there are tabs for 'Cantiga', 'Deseño preliminar', 'Notas', 'Transcricións paleográficas', and 'Imaxes dos manuscritos'. The main area is divided into two panes. The left pane displays a list of cantigas with columns for 'Número de estrofas' and 'Número*', 'Letra', and 'Tamaño'. The right pane shows the detailed view of cantiga 236, including its title 'A cantiga 236', author 'Roi Queimado', and manuscript information 'A 130, B 251'. There are also checkboxes for 'A cantiga foi revisada' and 'A cantiga é visible'.

Fig. 13. Vista inicial e parcial da FI (cantiga 236)

4. CABO

O proxecto *Universo Cantigas* aspira a se converter nunha *summa trobadorica* editorial das cantigas medievais (profanas) galego-portuguesas, que responda aos principios de progresividade, ampliabilidade, mutabilidade e suficiencia, e, na medida das nosas posibilidades, con incorporación e ampliación progresiva de materiais, imaxes dos manuscritos, transcricións melódicas das cantigas que conservan a música (coas oportunas fontes bibliográficas), entre outros.

Esta sumaria presentación dun portal web complexo, cal *Universo Cantigas*, non pode nin debe esquecer a existencia doutros dous portais, de grande importancia para a difusión e estudo da lírica profana galego-portuguesa: 1) a web derivada do proxecto *Lírica Profana Galego-Portuguesa (MedDB 3)* do Centro 'Ramón Piñeiro' para a Investigación en Humanidades (Santiago de Compostela)⁸, que presenta os textos sen aparato crítico, tirados da edición considerada de referencia en cada caso; 2) a máis recente web *Cantigas Medievais Galego-Portuguesas* da Universidade Nova (Lisboa), a partir do proxecto *Littera*⁹, que pretende

8. Dispoñíbel en <<https://www.cirp.gal/pls/bdo2/f?p=MEEDDB3:2:4000762657289444976>>.

9. Dispoñíbel en <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/>>.

ser unha edición global do corpus (con notas explicativas), mais que presenta importantes deficiencias do punto de vista filolóxico. Por razóns diferentes, como ten sido repetidamente analizado e avaliado, ambas as dúas plataformas presentan carencias de diverso tipo¹⁰.

É por isto que *Universo Cantigas* aspira a complementar e ultrapasar estas dúas webs co obxecto de conseguirmos un salto cualitativo que contribúa ao combate contra a rutina, a repetición estática e/ou a apatía textual, tal como se ten reflexionado (e criticado) nalgunha ocasión¹¹.

En calquera caso, *Universo Cantigas* é un proxecto pensado e elaborado desde a firme vontade de colocar ao dispor dos investigadores e da sociedade en xeral un valioso patrimonio que os nosos devanceiros nos legaron e que nós debemos conservar para as futuras xeracións, na procura dun usuario investigador, mais tamén dun amplo abano de persoas interesadas en usufruír o corpus literario fundacional das literaturas galega e portuguesa, ou, mesmo, aproveitalo para ulteriores proxectos de calquera carácter ou condición, quer de pesquisa, quer con fins didácticos, quer para empresas de teor cultural.

10. Véxase un sintético –e mesurado– xuízo en Mariña Arbor Aldea, «Edición e edicións: a propósito de crítica textual e lírica medieval (profana) galego-portuguesa (II)», *Revista Galega de Filoloxía*, 18 (2017), pp. 11-41, p. 29.
11. Véxase especialmente Elsa Gonçalves, «Sobre edições da lírica galego-portuguesa: uma reflexão», en *Edição de Texto. II Congresso Virtual do Departamento de Literaturas Românicas. Textual editing. Second Virtual Congress of the Romance Literature Department*, Lisboa, 16 e 20 de Abril de 2007 (agora recollido en *De Roma ata Lixboa. Estudos sobre os cancioneiros galego-portugueses*, A Coruña, Real Academia Galega, 2016, pp. 455-500).